

ÍNDICE

1.- INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN	4
2. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE. CONCRECIÓN QUE RECOLLA A RELACIÓN DOS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES DA MATERIA QUE FORMAN PARTE DOS PERFÍS COMPETENCIAIS	8
Competencia social e cívica (CSC)	9
3.- CONCRECIÓN DOS OBXECTIVOS CURRICULARES	10
3.1.- OBXECTIVOS DE ETAPA:	10
4.- CONCRECIÓN DOS CONTIDOS CURRICULARES	11
Bloque 1. Ideas Económicas Básicas	11
Bloque 2. Economía e Empresa	11
Bloque 3. Economía Persoal	11
Bloque 4. Economía e ingresos e gastos do Estado	12
Bloque 5. Economía e tipos de xuros, inflación e desemprego	12
Bloque 6. Economía Internacional	12
5. CRITERIOS DE AVALIACIÓN E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE SECUENCIADOS EN RELACIÓN COS CONTIDOS, OBXETIVOS E COMPETENCIAS CLAVE.	12
6.- TEMPORALIZACIÓN:	19
7.- PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN	21
7.1.- PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN NO PROCESO ORDINARIO:	21
Avaliación inicial:	21
Avaliacións trimestrais (1ª, 2ª e 3ª):	22
8.- GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA	25
9.- CONCRECIÓN METODOLÓXICAS QUE REQUIRE A MATERIA	25
10.- MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS	26
Materiais complementarios e bancos de recursos didácticos .	27
11.- CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN	27
11.1.1.- Criterios de cualificación nas avaliacións trimestrais (1ª, 2ª e 3ª avaliación):	27
11.1.2.-Criterios de cualificación na avaliación ordinaria (xuño):	29
INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E APRENDIZAXE E A PRÁCTICA DOCENTE	30
Cuestionario de autoavaliación do proceso de ensino e aprendizaxe	30
ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMIENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES	30
14.- DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS E COLECTIVAS QUE SE POIDAN ADOPTAR COMO CONSECUCIÓN DOS SEUS RESULTADOS	30
15.- MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE	32
16.- CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS QUE SE TRABALLARÁN NA ÁREA	32
17.- ACCIÓN DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN LECTOR	33
18.- ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES PROGRAMADAS POLO DEPARTAMENTO	33
19.- MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA	34

1.- INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

O curso actual está marcado pola implementación da [Lei Orgánica 8/2013](#), do 9 de decembro, para a Mellora da Calidade Educativa (**LOMCE**) en todos os cursos de ESO.

Para a elaboración desta programación didáctica seguiuuse a **lexislación de referencia**: o [Real Decreto 1105/2014](#), do 26 de decembro (BOE 3 de xaneiro), polo que se establece o currículo básico de Educación Secundaria Obligatoria e do Bacharelato, o [Decreto 86/2015](#), do 25 de xuño, (DOG 29 de xuño), polo que se establece o currículo da Educación Secundaria Obligatoria e do Bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia e a Resolución do 20 de xullo de 2017, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan **instrucións** no curso académico 2017/18 para o desenvolvemento **do currículo da educación secundaria obrigatoria** e do bacharelato nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia. [ORDE do 25 de xaneiro de 2022](#) pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia.

A continuación faise referencia a distintos aspectos que, de xeito xeral, contextualizan a programación da área de Economía de 4º de ESO do Departamento de Ciencias Sociais, Xeografía e Historia do CPI de Cova Terreña::

O entorno: o centro educativo CPI de Cova Terreña está situado no concello de Baiona, ao Sur da provincia de Pontevedra. Un municipio, turístico e mariñeiro, situado na parte meridional da Área Metropolitana de Vigo, ao sur das Rías Baixas. Este municipio, hermanado cunha serie de Pobos Colombinos polo feito histórico do descubrimento, como son Palos de la Frontera (Huelva), Santa Fe de la Vega (Granada), Pornic (Francia), Rafael Dieste (Cuba), Vila do Bispo (Portugal), aspira, nun futuro, a ser declarado Patrimonio da Humanidade, pola UNESCO. O seu centro histórico, que conserva multitude de rincóns medievais e acolle os principais monumentos da vila, foi declarado “Conxunto de interese Histórico Artístico” pola Xunta de Galicia, o 1 de marzo de 1993. Xunto a el, a festa da Arribada, acaba de ser declarada como “Festa de Interese Turístico Internacional” pola Secretaría de Estado do Ministerio de industria, Enerxía e Turismo, o 5 de novembro de 2015.

O entorno inmediato aporta numerosos **recursos a nivel didáctico**, desde un punto de vista xeográfico, histórico-artístico e patrimonial: os montes da Groba, a península de Monte Boi, o espazo natural protexido da Foz do río Miñor, a existencia dun estaleiro que construía embarcacións para a Armada Real, a primeira noticia do descubrimento no vello mundo trala arribada da carabela Pinta a Baiona, a importancia do seu porto na Idade Media, a construción dun castelo baluarte de Monterreal para o tráfico mercantil e marítimo, o asedio de Portugueses e Ingleses no século XIV, a ruta medieval de

peregrinación (camiño portugués da costa), a ex-colexiata de Santa María, o cruceiro da Santísima Trindade, a Igrexa de Santa Liberata, a fonte de Ceta, a Virxe da Rocha, a estación de petroglifos denominada "Outeiro dos Lameiros", entre outros.

A situación socioeconómica e cultural do alumnado: O concello ten unha poboación de 12.072 habitantes, dos que 5982 son homes e 6090 mulleres (IGE, 2015) distribuídos sobre nunha superficie de 34,5 km²; conformada por cinco parroquias: Baiona (Santa María), Baíña (Santa Mariña), Baredo (Santa María), Belesar (San Lourenzo) e Santa Cristina (Santa Cristina da Ramallosa). O saldo vexetativo actual da vila é positivo, xa que nacen (nacementos 89) máis dos que falecen (defuncións 69).

O alumnado posúe características socioculturais e socioeconómicas diferentes. A maioría das familias sitúanse nun rango medio-baixo no tocante aos parámetros socioeconómicos e culturais. Curiosamente a actividade económica non responde ao esquema habitual de zona costeira, pois unha alta porcentaxe da poboación activa relaciónase co sector terciario e secundario. Baiona é unha vila de marcado carácter turístico e o sector servizos ten unha importancia elevada. Non existe practicamente tecido industrial en Baiona, debido á proximidade doutros focos industriais como os de Nigrán, Gondomar, Vigo e Porriño. A construción, tras sufrir un importante incremento nos últimos anos debido ao sector turístico que demandaba un crecente número de vivendas secundarias ou de aluguer, nestes momentos diminuíu de forma moi importante a súa actividade debido á crise económica.

Aínda que o modelo familiar é predominante urbano, o centro ten adscrito a alumnado provinte do medio rural, da parroquia de Belesar.

A **nivel lingüístico**, é preciso notar que unha importante maioría ten como lingua materna o castelán en detrimento do galego.

Pódese afirmar que, en xeral, o alumnado ten pouco hábito de traballo e estudo pero, a pesar diso, non existen grandes desfases no nivel de coñecementos correspondentes. Unha porcentaxe pequena do alumnado do centro ten adaptación curricular. Por último, até agora, non se detectaron graves problemas de conduta nin afectivos que sexan susceptibles de mención neste documento.

O centro educativo: o C.P.I. de Cova Terreña é un centro público integrado dependente da Consellería de Educación da Xunta de Galicia no que se imparten tres etapas educativas: educación infantil, Educación Primaria e Educación Secundaria. O centro acolle a **460** alumnos/as, dos cales ao redor de **169** son alumnado de secundaria. Na súa maioría residen na parroquia de Baiona, aínda que o centro tamén recibe alumnado procedente da parroquia de Belesar. O claustro está composto por **48 docentes** das distintas etapas.

Trátase dun centro situado no ámbito urbano dunha vila. Ao estar no centro da vila o CPI, o alumnado pode vir camiñando. O alumnado que precisa transporte é o procedente de Belesar, parroquia máis cara ó interior, tamén coñecida como “ o balcón do Val Miñor”. Este alumnado chega por primeira vez ao centro en 1º da ESO, e o seu contorno é diferenciado do costeiro, sendo o subsector forestal de máis relevancia.

No PEC recóllense certos aspectos relativos á **liña metodolóxica** propia e á concreción do **currículo no centro e aula**, moitos dos cales serán tratados en profundidade ao longo da presente programación:

- Adecuación dos obxectivos xerais da ensinanza ao contexto do centro e ás características do alumnado.
- Principios metodolóxicos baseados nun enfoque construtivista da aprendizaxe que debe procurar que o alumnado sexa elemento activo do proceso de ensino-aprendizaxe
- Agrupamentos axeitado do alumnado tratando de fomentar a heteroxeneidade como factor enriquecedor e respectando a pluralidade de sexos, coñecementos e capacidades.
- Agrupamentos específicos para alumnado con necesidade de reforzo nas áreas instrumentais.
- Programas de Mellora da Aprendizaxe e Rendemento (PMAR) para alumnado con dificultades xeneralizadas de aprendizaxe en 3º de ESO.

A composición e organización do Departamento. O Departamento de Ciencias Sociais, Xeografía e Historia neste curso académico 2022-23 está formado polo seguinte profesorado:

- D^a. **Luisa Aldao** , profesora de ensino secundario, xefa de Estudos.
- D^a **María Lurdes Pérez Camiña**, profesora de ensino secundario e xefa de Departamento.

Profesorado	Imparte docencia nas seguintes materias:
D ^a . María Lurdes Pérez Camiña	a) Propias do departamento: Ciencias Sociais, Xeografía e Historia, 3º e 4º curso de E.S.O. Grupos A, B. b) Materias afíns: - Iniciación a Actividade Emprendedora e empresarial, 4º curso de E.S.O. -Economía 4º ESO
D ^a . Luisa Aldao	a) Propias do departamento: Ciencias Sociais, Xeografía e Historia, 2º curso de E.S.O, A e B b) Materias afíns: - Cultura Clásica 3º ESO

A formación en **economía** faise necesaria nun contexto globalizado, no que as relacións entre os axentes económicos e sociais son cada día máis complexas. A consideración do comportamento económico das persoas na procura da satisfacción das súas necesidades, así como da produción e da organización dos bens e os servizos necesarios, e da distribución dos recursos escasos facilitan a comprensión da realidade social. Calquera persoa necesita coñecer as regras básicas que explican os

acontecementos económicos e a linguaxe específica utilizada por economistas e medios de comunicación para analizar eses feitos. O estudo da economía axuda a percibir e a coñecer o mundo, e posibilita analizar e afondar nas relacións humanas, facilita a comprensión dos conceptos utilizados habitualmente na análise económica e empresarial, serve para potenciar destrezas de razoamento, abstracción e interrelación, e proporciona ferramentas para examinar de xeito crítico a sociedade. E contribúe tamén a desenvolver a curiosidade intelectual, a capacidade analítica, o rigor e a amplitude de perspectivas á hora de indagar no coñecemento de variables como o crecemento, a pobreza, a educación, a saúde, a riqueza, o ambiente, etc. Proporciona importantes coñecementos matemáticos e estatísticos, habilidades de comunicación oral e escrita para explicar e transmitir ideas e conclusións, con argumentos e evidencias empíricas, sentido da ética e respecto polo ser humano, así como unha intensa capacidade de traballo, tanto individual como en equipo.

O enfoque empregado pola economía na resolución dos problemas sociais distínguea das restantes ciencias sociais. A materia de 4º de ESO distribúese en seis bloques que permiten o estudo da economía como ciencia e do papel dos axentes económicos. No bloque 1 ("Ideas económicas básicas") recóllense aspectos relativos aos principios económicos, á terminoloxía propia e á metodoloxía da ciencia económica. No bloque 2 ("Economía e empresa") analízase o papel e o funcionamento do/da axente de empresas na economía. O seguinte bloque ("Economía persoal") está dedicado ao estudo da transcendencia das decisións económicas na vida das persoas. O cuarto bloque ("Economía e ingresos e gastos do Estado") repasa o papel estatal no funcionamento económico a través da análise dos seus ingresos e gastos. No quinto bloque ("Economía e tipos de xuro, inflación e desemprego") repásanse os aspectos máis salientables da economía financeira e a súa repercusión na actividade económica e o nivel de emprego. E para rematar, o bloque de "Economía internacional" fai un breve repaso do funcionamento do sector exterior da economía con especial fincapé nas repercusións da integración económica e a globalización.

2. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE. CONCRECIÓN QUE RECOLLA A RELACIÓN DOS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES DA MATERIA QUE FORMAN PARTE DOS PERFÍS COMPETENCIAIS

O Departamento de Xeografía e Historia, área de Economía, parte do convicción de que os profundos e rápidos cambios que experimenta a sociedade do século XXI e o mundo do coñecemento e da tecnoloxía, esixen novos enfoques de aprendizaxe nos centros educativos, tal e como amosan as últimas políticas educativas tanto nacionais coma supranacionais.

A recomendación 2006/962/EC do Parlamento Europeo e do Consello, do 18 de decembro de 2006, sobre as competencias clave para a aprendizaxe permanente promovía xa, fai case unha década, a potenciación da aprendizaxe por competencias como complemento ao tradicional aprendizaxe por

contidos. Ademais, na propia lexislación educativa do Estado español, a Lei Orgánica 2/2006 de Educación modificada pola Lei Orgánica 8/2013 de Mellora da Calidade do Ensino, aposta tamén por este enfoque competencial.

Na presente programación didáctica, e seguindo coa lexislación vixente en ESO (LOMCE), no plano didáctico, a área de Economía contribúe á consecución das sete competencias clave, aprendizaxes que se consideran imprescindibles e que o alumno/a debe desenvolver ó finalizar esta etapa obrigatoria, para o logro da súa realización persoal, o exercicio da cidadanía activa, a súa incorporación satisfactoria á vida adulta, a inclusión social, o emprego e o desenvolvemento dun aprendizaxe permanente ó longo da vida.

A continuación identifícanse as sete competencias clave esenciais para o benestar das sociedades europeas, o crecemento económico e a innovación, e descríbense os coñecementos, as capacidades e as actitudes vinculadas a cada unha dela:

- 1. Competencia social e cívica (CSC)**
- 2. Competencia conciencia e expresións culturais (CCEC)**
- 3. Competencia dixital (CD)**
- 4. Competencia lingüística (CL)**
- 5. Competencia para aprender a aprender (CAA)**
- 6. Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT)**
- 7. Competencia sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE)**

Pola súa mesma natureza as competencias clave teñen un carácter transversal; polo tanto, cada unha delas se alcanza a partir do traballo nas diferentes áreas da etapa.

A contribución do departamento de Ciencias Sociais, Xeografía e Historia, e neste caso da área, ó logro das competencias clave, é fundamental xa que une o carácter instrutivo e contextualizador, axudando a centrar unha información dentro dunha perspectiva social.

A grande transcendencia social da economía queda reflectida na súa contribución ao fomento da mellora na calidade de vida, ao progreso e ao benestar social. Os coñecementos económicos teñen cada día máis valor, pola importancia de contar cunha cidadanía formada e pola relevancia dunha boa administración dos recursos públicos. O estudo da economía proporciona, xunto coa formación técnica, competencias lingüísticas e de comunicación, matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía, sociais e cívicas, así como sentido da iniciativa e espírito emprendedor.

3.- CONCRECIÓN DOS OBXECTIVOS CURRICULARES

3.1.- OBXECTIVOS DE ETAPA:

Segundo o Decreto 86/2015 (DOG 25 de xuño), polo que se establece o Currículo da Educación Secundaria Obrigatoria e do Bacharelato para a Comunidade Autónoma de Galicia, a Educación Secundaria Obrigatoria contribuirá a desenvolver nos alumnos e as alumnas as capacidades que lles permitan:

- a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto á s demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diá logo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.
- b) Desenvolver e consolidar há bitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.
- d) Fortalecer as sú as capacidades afectivas en todos os á mbitos da personalidade e nas sú as relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.
- e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.
- f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.
- g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.
- h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá , textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.
- i) Comprender e expresarse nunha ou má is linguas estranxeiras de maneira apropiada.
- l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos bá sicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.
- m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os há bitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade

en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os há bitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.

n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

ñ) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.

o) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersonal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

4.- CONCRECIÓN DOS CONTIDOS CURRICULARES

En base a lexislación vixente, os contidos de Economía de 4º da ESO, quedan especificados do seguinte modo:

Bloque 1. Ideas Económicas Básicas

- B1.1. Economía como ciencia: actividade económica e sociedade.
- B1.2. Principios na toma de decisións económicas.
- B1.3. Escaseza, elección e asignación de recursos. Custo de oportunidade.
- B1.4. O método na economía: modelos económicos.
- B1.5. Fronteira de posibilidades de produción.
- B1.6. As relacións económicas básicas e a súa representación

Bloque 2. Economía e Empresa

- B2.1. A empresa e o/a empresario/a.
- B2.2. Elementos, funcións e obxectivos da empresa.
- B2.3. Clases de empresas.
- B2.4. Formas xurídicas da empresa.
- B2.5. Proceso produtivo e factores produtivos.
- B2.6. Sectores da actividade económica.
- B2.7. Fontes de financiamento das empresas. Novas formas de financiamento.
- B2.8. Ingresos e custos da empresa: clasificación.
- B2.9. Resultados da empresa.
- B2.10. Obrigas fiscais das empresas.

Bloque 3. Economía Persoal

- B3.1. Orzamento persoal. Control de ingresos e gastos.
- B3.2. Xestión do orzamento. Obxectivos e prioridades.
- B3.3. Planificación económico-financeira: necesidades económicas nas etapas da vida
- B3.4. Aforro e endebedamento. Os plans de pensións.
- B3.5. Risco e diversificación.
- B3.6. O diñeiro.

- B3.7. Contratos financeiros: contas e tarxetas de débito e crédito.
- B3.8. Relacións no mercado financeiro: información e negociación.
- B3.9. Implicacións dos contratos financeiros. Dereitos e responsabilidades dos/das consumidores/as no mercado financeiro.
- B3.10. O seguro como medio para a cobertura de riscos. Tipoloxía de seguros.

Bloque 4. Economía e ingresos e gastos do Estado

- B4.1. Orzamentos públicos: ingresos e gastos do Estado.
- B4.2. A débeda pública e o déficit público.
- B4.3. Desigualdades económicas e distribución da renda.

Bloque 5. Economía e tipos de xuros, inflación e desemprego

- B5.1. Tipos de xuro.
- B5.2. Inflación.
- B5.3. Consecuencias dos cambios nos tipos de xuro e inflación.
- B5.4. Desemprego: clasificación e consecuencias.
- B5.5. Causas do desemprego e políticas contra o desemprego. O desemprego en Galicia.
- B5.6. Perspectivas da ocupación.

Bloque 6. Economía Internacional

- B6.1. Globalización económica.
- B6.2. Comercio internacional.
- B6.3. Integración económica e monetaria europea.
- B6.4. Economía e ambiente: sustentabilidade.

5. CRITERIOS DE AVALIACIÓN E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE SECUENCIADOS EN RELACIÓN COS CONTIDOS, OBXETIVOS E COMPETENCIAS CLAVE.

Economía. 4º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
Bloque 1. Ideas económicas básicas				
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ d ▪ f 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.1. Economía como ciencia: actividade económica e sociedade. ▪ B1.2. Principios na toma de decisións económicas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.1. Explicar a economía como ciencia social e valorar o impacto permanente das decisións económicas na vida das persoas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ ECB1.1.1. Recoñece a escaseza de recursos e a necesidade de elixir e tomar decisións como as claves dos problemas básicos de calquera economía, e comprende que todas as eleccións supoñen renunciar a outras alternativas e que todas as decisións teñen consecuencias. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CSC
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.3. Escaseza, elección e asignación de recursos. Custo de oportunidade. 			
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ ECB1.1.2. Distingue formas de analizar e resolver problemas económicos, e identifica as súas vantaxes, os seus 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CD

			inconvenientes e as súas limitacións.	
▪ f	▪ B1.4. O método na economía:	▪ B1.2. Identificar a terminoloxía económica básica e o uso	▪ ECB1.2.1. Comprende e utiliza correctamente termos da	▪ CCL
▪ h ▪ o	modelos económicos. ▪ B1.5. Fronteira de posibilidades de produción.	dos modelos económicos, e familiarizarse con eles.	área da economía. ▪ ECB1.2.2. Diferencia entre economía positiva e economía normativa. ▪ ECB1.2.3. Representa e analiza graficamente o custo de oportunidade mediante a fronteira de posibilidades de produción.	▪ CAA ▪ CSC ▪ CD ▪ CMCCT
▪ a ▪ f	▪ B1.6. As relacións económicas básicas e a súa representación.	▪ B1.3. Tomar conciencia dos principios da economía para aplicar nas relacións económicas básicas cos condicionantes de recursos e as necesidades.	▪ ECB1.3.1. Representa as relacións que se establecen entre as economías domésticas e as empresas. ▪ ECB1.3.2. Aplica razoamentos básicos para interpretar problemas económicos provenientes das relacións económicas do seu contorno.	▪ CMCCT ▪ CSC ▪ CMCCT ▪ CSC
Bloque 2. Economía e empresa				
▪ a ▪ b ▪ e ▪ m	▪ B2.1. A empresa e o/a empresario/a. ▪ B2.2. Elementos, funcións e obxectivos da empresa. ▪ B2.3. Clases de empresas. ▪ B2.4. Formas xurídicas da empresa.	▪ B2.1. Describir os tipos de empresas e as formas xurídicas das empresas, e relacionar con cada unha coas súas esixencias de capital e as responsabilidades legais dos/das propietarios/as e xestores/as, así como as interrelacións das empresas no seu contorno inmediato.	▪ ECB2.1.1. Distingue as formas xurídicas das empresas e relaciónaas coas esixencias de capital para a súa constitución e coas responsabilidades legais para cada tipo. ▪ ECB2.1.2. Identifica e valora as formas xurídicas de empresas máis apropiadas en cada caso, en función das características concretas, aplicando o razoamento sobre clasificación das empresas. ▪ ECB2.1.3. Distingue os tipos de empresas e de empresarios/as que actúan no seu ámbito, así como a forma de interactuar co seu contorno máis próximo e os efectos sociais e ambientais, positivos e negativos, que se observan.	▪ CMCCT ▪ CSIEE ▪ CAA ▪ CD ▪ CSIEE ▪ CSC

<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ f ▪ e 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.5. Proceso produtivo e factores produtivos. ▪ B2.6. Sectores da actividade económica. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.2. Analizar as características principais do proceso produtivo. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ ECB2.2.1. Analiza os tipos de factores produtivos e as relacións entre produtividade, eficiencia e tecnoloxía. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CSC
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ ECB2.2.2. Identifica os sectores económicos, así como os seus retos e as súas oportunidades. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CD ▪ CSC
<ul style="list-style-type: none"> ▪ e ▪ f 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.7. Fontes de financiamento das empresas. Novas formas de financiamento. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.3. Identificar as fontes de financiamento das empresas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ ECB2.3.1. Explica as posibilidades de financiamento das empresas e diferencia o financiamento externo e o interno, a curto e a longo prazo, así como o custo de cada unha e as implicacións na marcha da empresa. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CD ▪ CMCCT
<ul style="list-style-type: none"> ▪ e ▪ f 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.8. Ingresos e custos da empresa: clasificación. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.4. Determinar, para un caso sinxelo, a estrutura de 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ ECB2.4.2. Distingue os ingresos e os custos dunha empresa, calcula o seu beneficio ou a súa perda, aplicando razoamentos matemáticos, e interpreta os resultados. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CD ▪ CMCCT
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.9. Resultados da empresa. 	<ul style="list-style-type: none"> ingresos e custos dunha empresa, calculando o seu beneficio. 		
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ e ▪ f 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.10. Obrigas fiscais das empresas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.5. Diferenciar os impostos que afectan as empresas e a importancia do cumprimento das obrigas fiscais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ ECB2.5.1. Identifica as obrigas fiscais das empresas segundo a súa forma xurídica e as actividades, e sinala o funcionamento básico dos impostos e as principais diferenzas entre eles. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CD ▪ CMCCT
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ ECB2.5.2. Valora a achega que para a riqueza nacional supón a carga impositiva que soportan as empresas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC
Bloque 3. Economía persoal				
<ul style="list-style-type: none"> ▪ d ▪ e ▪ f 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.1. Orzamento persoal. Control de ingresos e gastos. ▪ B3.2. Xestión do orzamento. Obxectivos e prioridades. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.1. Realizar un orzamento persoal distinguindo entre os tipos de ingresos e gastos, e controlar o seu grao de cumprimento e as posibles necesidades de adaptación. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ ECB3.1.1. Elabora un orzamento ou plan financeiro persoal, identificando os ingresos e os gastos integrantes, e realiza o seu seguimento. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CD ▪ CMCCT
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ ECB3.1.2. Utiliza ferramentas informáticas na preparación e desenvolvemento dun orzamento ou plan financeiro personalizado. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CD ▪ CMCCT

			<ul style="list-style-type: none"> ▪ ECB3.1.3 Manexa gráficos de análise que permiten comparar unha realidade personalizada coas previsións establecidas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CD ▪ CMCCT
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ d ▪ m 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.3. Planificación económico- financeira: necesidades económicas nas etapas da vida. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.2. Decidir con racionalidade ante as alternativas económicas da vida persoal, e relacionalas co benestar propio e social. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ ECB3.2.1. Comprende as necesidades de planificación e do manexo de asuntos financeiros ao longo da vida. Esa planificación vincúlase á previsión realizada en cada etapa, de acordo coas decisións tomadas e a marcha da actividade económica nacional. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CSIEE
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ f 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.4. Aforro e endebedamento. Os plans de pensións. ▪ B3.5. Risco e diversificación. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.3. Expresar unha actitude positiva cara ao aforro, e empregar o aforro como medio para alcanzar diversos obxectivos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ ECB3.3.1. Recoñece e explica a relevancia do aforro e do control do gasto. ▪ ECB3.3.2. Analiza as vantaxes e inconvenientes do endebedamento, valorando o risco e seleccionando a decisión máis axeitada para cada momento. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CSC ▪ CAA ▪ CSC
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ b ▪ e ▪ f ▪ g 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.6. O diñeiro. ▪ B3.7. Contratos financeiros: contas e tarxetas de débito e crédito. ▪ B3.8. Relacións no mercado financeiro: información e negociación. ▪ B3.9. Implicacións dos contratos financeiros. Dereitos e 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.4. Recoñecer o funcionamento básico do diñeiro e diferenciar os tipos de contas bancarias e de tarxetas emitidas como medios de pagamento, e valorar a oportunidade do seu uso con garantías e responsabilidade. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ ECB3.4.1. Comprende os termos fundamentais e describe o funcionamento das contas na operativa bancaria. ▪ ECB3.4.2. Valora e comproba a necesidade de interpretar as cláusulas dos contratos bancarios para coñecer os dereitos e as obrigas que se derivan delas, así como a 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CMCCT ▪ CCL ▪ CAA ▪ CD
	responsabilidades dos/das consumidores/as no mercado financeiro.		<p>importancia de operar en condicións de seguridade cando se empregan procedementos telemáticos.</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ ECB3.4.3. Recoñece a capacidade de negociación coas entidades financeiras e analiza os procedementos de reclamación ante estas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CD

			<ul style="list-style-type: none"> ECB3.4.4. Identifica e explica as modalidades de tarxetas bancarias, así como os elementos e os procedementos que garanten a seguridade na súa operativa. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CD CMCCT
<ul style="list-style-type: none"> e f g 	<ul style="list-style-type: none"> B3.10. O seguro como medio para a cobertura de riscos. Tipoloxía de seguros. 	<ul style="list-style-type: none"> B3.5. Coñecer o concepto de seguro e a súa finalidade. 	<ul style="list-style-type: none"> ECB3.5.1. Identifica, describe e clasifica os tipos de seguros segundo os riscos ou as situacións adversas nas etapas da vida. 	<ul style="list-style-type: none"> CAA CCL CMCCT
Bloque 4. Economía e ingresos e gastos do Estado				
<ul style="list-style-type: none"> a b e f g ñ 	<ul style="list-style-type: none"> B4.1. Orzamentos públicos: ingresos e gastos do Estado. 	<ul style="list-style-type: none"> B4.1. Recoñecer e analizar a procedencia das principais fontes de ingresos e gastos do Estado, e interpretar gráficos onde se amose esa distribución. 	<ul style="list-style-type: none"> ECB4.1.1. Identifica as vías de onde proceden os ingresos do Estado, así como as principais áreas dos gastos do Estado, e comenta as súas relacións. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT CSC
			<ul style="list-style-type: none"> ECB4.1.2. Analiza e interpreta datos e gráficos de contido económico relacionados cos ingresos e os gastos do Estado. 	<ul style="list-style-type: none"> CD CMCCT
			<ul style="list-style-type: none"> ECB4.1.3. Distingue nos ciclos económicos o comportamento dos ingresos e dos gastos públicos, así como os efectos que se poden producir ao longo do tempo. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT CSC
			<ul style="list-style-type: none"> ECB4.1.4. Describe o contido dos orzamentos públicos e argumenta a necesidade de prever os ingresos e os gastos, e controlar a súa execución. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CSC
<ul style="list-style-type: none"> a e f 	<ul style="list-style-type: none"> B4.2. A débeda pública e o déficit público. 	<ul style="list-style-type: none"> B4.2. Diferenciar e explicar os conceptos de débeda pública e déficit público. 	<ul style="list-style-type: none"> ECB4.2.1. Comprende e expresa as diferenzas entre os conceptos de débeda pública e déficit público, así como a relación que se produce entre eles. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CMCCT
<ul style="list-style-type: none"> a c d e f 	<ul style="list-style-type: none"> B4.3. Desigualdades económicas e distribución da renda. 	<ul style="list-style-type: none"> B4.3. Determinar o impacto para a sociedade da desigualdade da renda e estudar as ferramentas de redistribución da renda. 	<ul style="list-style-type: none"> ECB4.3.1. Coñece e describe os efectos da desigualdade da renda e os instrumentos de redistribución desta. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CMCCT CSC
			<ul style="list-style-type: none"> ECB4.3.2. Interpreta gráficos representativos da distribución da renda 	<ul style="list-style-type: none"> CAA CD CMCCT

Bloque 5. Economía e tipos de xuro, inflación e desemprego				
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ c 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.1. Tipos de xuro. ▪ B5.2. Inflación. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.1. Diferenciar as magnitudes de tipos de xuro, inflación e desemprego, 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ ECB5.1.1. Describe as causas da inflación e valora as súas principais repercusións económicas e sociais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CSC
<ul style="list-style-type: none"> ▪ e ▪ f 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.3. Consecuencias dos cambios nos tipos de xuro e inflación. ▪ B5.4. Desemprego: clasificación e consecuencias. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ analizar as relacións entre elas e interpretar datos e gráficos vinculados con esas magnitudes. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ ECB5.1.2. Explica o funcionamento dos tipos de interese e as consecuencias da súa variación para a marcha da economía. ▪ ECB5.1.3. Valora e interpreta datos e gráficos de contido económico relacionados cos tipos de xuro, inflación e desemprego. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CMCCT ▪ CSC ▪ CD ▪ CMCCT
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ c ▪ e ▪ f 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.5. Causas do desemprego e políticas contra o desemprego. O desemprego en Galicia. ▪ B5.6. Perspectivas da ocupación. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.2. Valorar opcións de políticas macroeconómicas para facer fronte ao desemprego. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ ECB5.2.1. Describe as causas do desemprego e valora as súas principais repercusións económicas e sociais. ▪ ECB5.2.2. Analiza os datos de desemprego en España e as políticas contra o desemprego. ▪ ECB5.2.3. Investiga e recoñece vieiros e tendencias de emprego. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CMCCT ▪ CSC ▪ CD ▪ CSC ▪ CAA ▪ CD
Bloque 6. Economía internacional				
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ e ▪ f ▪ m 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B6.1. Globalización económica. ▪ B6.2. Comercio internacional. ▪ B6.3. Integración económica e monetaria europea. ▪ B6.4. Economía e ambiente: sustentabilidade. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B6.1. Valorar o impacto da globalización económica, do comercio internacional e dos procesos de integración económica na calidade de vida das persoas e no ambiente. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ ECB6.1.1. Valora o grao de interconexión das economías de todos os países do mundo e aplica a perspectiva global para emitir xuízos críticos. ▪ ECB6.1.2. Explica as razóns que xustifican o intercambio económico entre países e que inflúen nel. ▪ ECB6.1.3. Analiza e presenta acontecementos económicos contemporáneos no contexto da globalización e o comercio internacional. ▪ ECB6.1.4. Recoñece e enumera vantaxes e inconvenientes do proceso de integración económica e monetaria da Unión Europea. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CSC ▪ CCL ▪ CSC ▪ CAA ▪ CD ▪ CSC ▪ CCL ▪ CD ▪ CSC

			<ul style="list-style-type: none">▪ ECB6.1.5. Reflexiona sobre os problemas ambientais e a súa relación co impacto económico internacional, e analiza as posibilidades dun desenvolvemento sustentable.	<ul style="list-style-type: none">▪ CAA▪ CSC
--	--	--	---	---

6.- TEMPORALIZACIÓN:

SETEMBRO.:

Introdución á economía. Libro do alumno: BLOQUE I

Libro do alumno: TEMA 1. e materiais do profesor

- 1.-TEMA 1: Introdución á economía T-1
- 1.1.-As necesidades das persoas
 - 1.2.-Os bens.
 - 1.3.-A actividade económica.
 - 1.4.-¿Qué é a economía?
 - 1.5.-Os sistemas económicos.
 - 1.6.-O método da economía

1ª AVALIACIÓN (OUTUBRO-DECEMBRO) Libro do alumno: BLOQUES I,II,III

2.-TEMA2: A Produción de bens e servizos.....T-2

- 2.1.-¿Que é a produción?
- 2.2.-Os factores productivos.
- 2.3.-A Tecnoloxía e a eficiencia productiva.
- 2.4.-A Productividade.
- 2.5.-A fronteira de posibilidades de produción.
- 2.6.-Os sectores produtivos.

3.-TEMA3: Os Mercados e os Axentes Económicos.....T-3

- 3.1.-Os axentes económicos.
- 3.2.-O fluxo circular da renda.
- 3.3.-Os mercados.

4.-TEMA4: As Decisións Económicas das Familias..... T-4

- 4.1.-As familias, unidades de consumo e de aforro.
- 4.2.-O consumo das familias.
- 4.3.-Os ingresos das familias: O salario
- 4.5.-Os ingresos das familias: O sector público
- 4.6.-O aforro das familias.

2ª AVALIACIÓN (XANEIRO-MARZO) Libro do alumno: BLOQUES IV,V

5.-TEMA5: As EmpresasT-5

- 5.1.-As empresas e a Produción.
- 5.2.-A clasificación das empresas.
- 5.3.-A forma xurídica das empresas.
- 5.4.-A financiación ds empresas.
- 5.5.-O resultado empresarial.

6.-TEMA 6: O Crecemento Económico.....T-6

- 6.1.-O produto interior bruto.
- 6.2.-Os cicle económicos.
- 6.3.- O desemprego.
- 6.4.-Medidas contra o desemprego.

7.-TEMA 7: A Distribución da Renda.....T-7

- 7.1.-A renda e a súa distribución.
- 7.2.-A función distributiva do Estado.

7.3.-O presuposto público.

7.4.-A débeda pública.

- 8.-TEMA 8: Os Cartos e os medios de pago T-8
- 8.1.-O diñeiro.
 - 8.2.-A evolución do diñeiro.
 - 8.3.-O diñeiro como activo financeiro.
 - 8.4.-Os intermediarios financeiros.
 - 8.5.-Asupervisión do sistema financeiro.
 - 8.6.-Outros medios de pago.

3ª AVALIACIÓN:(ABRIL-XUÑO) Libro do alumno : BLOQUE VI

9.- TEMA9.A Inflación e os tipos de interés.....T-9

- 9.1.-¿Qué é a inflación?.
- 9.2.-As causas da Inflación.
- 9.3.-Os efectos da Inflación.
- 9.4.-O interese.
- 9.5.-A evolución dos tipos de interese.

10.-TEMA10: O Aforro e o Endeudamento.....T-10

- 10.1.-A importancia do aforro.
- 10.2.-Os depósitos bancarios.
- 10.3.-Os instrumentos de inversión.
- 10.4.-O endeudamento.
- 10.5.-Os seguros.

11.-TEMA11: O Comercio Exterior.....T-11

- 11.1.-O Comercio internacional.
- 11.2.-Os instrumentos de protección oficial.
- 11.3.-Os movementos financeiros internacionais.
- 11.4.-A globalización económica.
- 11.5.- A integración económica.

12.-TEMA 12:Economía e Medioambiente.....T-12

- 12.1.-Teoría económica e medioambiente.
- 12.2.-Problemas medioambientais elacionados coa actividade económica.
- 12.3.-Solucións aos problemas medioambientais.

7.- PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

7.1.- PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN NO PROCESO ORDINARIO:

A. Avaliación inicial:

Ten importancia crucial a avaliación inicial coa que valorar os coñecementos previos e os esquemas mentais do alumnado e realizarse ao comezo de curso e de cada unidade didáctica ou tema novo.

Un instrumento apropiado para esta avaliación pode ser unha proba inicial escrita ou preguntas orais, pero tamén as tormenta de ideas e as rutinas de pensamento permitirannos ver o grado de coñecementos e o nivel de comprensión acadado polo alumno na súa etapa anterior e nos orientarán cara ao establecemento das estratexias de aprendizaxe e a realización das actividades máis axeitadas, para a total e correcta consecución dos indicadores de aprendizaxe previstos, pero tamén permitirán enlazar o xa aprendido co que se vai a aprender. Esta avaliación inicial permitirá adecuar o proceso de ensino-aprendizaxe á realidade da aula.

B. Avaliacións trimestrais (1ª, 2ª e 3ª):

Planifícanse instrumentos adecuados para coñecer dunha maneira real o que o alumno/a sabe facer e o que non sabe facer respecto a cada un dos estándares de aprendizaxe e poder valorar o nivel de logro, é dicir o grao de consecución acadado polo alumno.

Os instrumentos de avaliación a utilizar na área serán variados para atender aos distintos estilos e ritmos de aprendizaxe do alumnado, entre os que destacamos os seguintes:

❖ **TÉCNICAS DE OBSERVACIÓN** (Valoración cualitativa):

➤ **Diario de clase do profesor:** recolle a observación directa do traballo diario dun alumno/a cada día, tanto da clase como o desenvolvido na casa (asiste con puntualidade, actitude responsable nas actividades tanto individuais como colaborativas, atención ao seguimento das explicacións da clase, respecto ao profesorado e os compañeiros de clase, amosa esforzo persoal e interese polo traballo na clase, ten ilusión por aprender, participa activamente na clase, realización, presentación e finalización ou non dos traballos e exercicios de calquera tipo, entrega de traballos exercicios no tempo asignado, autocorrección, .. , esforzo individual, participación nas tarefas en grupo, orden, organización, limpeza e claridade na caligrafía dos traballos, apuntes e exercicios de clase, ..., trae o material necesario e solicitado para utilizar na aula, utiliza os conceptos explicados, etc).

➤ **Escalas de observación:** listaxe de rasgos nos que se anota a presenza /ausencia, e graduase o nivel de consecución do aspecto observado.

➤ Emprego de **Rúbricas** como elemento primordial para coñecer o grao de desempeño dunha competencia.

❖ **REVISIÓN DE TAREFAS DOS ALUMNOS (50%):**

➤ Análise e valoración dos **traballos individuais, en equipo ou colaborativos/cooperativos.**

➤ Análise dos **cadernos e actividades dos alumnos**, mediante unha escala de observación d o caderno e rúbricas.

❖ **PROBAS ESPECÍFICAS** (Valoración cuantitativa do avance individual 50%):

➤ **Probas orais e/ou escritas** de carácter sumativo, dificilmente avaliábeis por outras vías. Son apropiadas para avaliar conceptos e procedementos. Na súa elaboración, teremos en conta os seguintes criterios:

- Axústanse ao traballado na clase.
- Deben terse presentes os estándares de aprendizaxe para asignarlles un nivel de logro.
 - O contido dos exames reflectirán as unidades didácticas tratadas no período.
 - Sinalarase en cada proba o valor de cada exercicio para a cualificación da mesma.
 - Realizaranse, polo menos, 2 probas por avaliación, onde se atenderá principalmente a valorar o grao de consecución dos estándares de aprendizaxe.
- Combinaranse distintos tipos de actividades (redacción de temas, definición de conceptos, relación de conceptos, análise de documentos, exercicios de dedución, corrección de erros en información subministrada, desenvolvemento de dilemas, síntese de información, aplicación de técnicas procedementais, etc), que permitirán poñer de manifesto a asimilación de conceptos, e o grao de consecución das distintas competencias clave. Con estas probas preténdese deixar marxe suficiente para que cada alumno/a poida desenvolver unhas respostas de calidade atendendo as súas especificidades.

❖ **AUTOAVALIACIÓN** (Valoración cualitativa): permite coñecer as referencias e valoracións que, sobre o proceso, poden proporcionar os alumnos, á vez que lles permite reflexionar sobre o seu propio proceso de aprendizaxe. Require a elaboración de cuestionarios de avaliación breves e variados, mediante os cales se poida averiguar a opinión dos alumnos sobre distintos aspectos.

❖ **COAVALIACIÓN** (Valoración cualitativa): a coavaliación consiste en avaliar o desempeño dun alumno a través dos seus propios compañeiros. O emprego da coavaliación anima a que os alumnos/as sintáanse parte dunha comunidade de aprendizaxe e convida a que participen nos aspectos claves do proceso educativo, facendo xuízos críticos acerca do traballo dos seus compañeiros.

C. **Avaliación ordinaria** (xuño):

Como norma xeral, a cualificación final de xuño será unha media das cualificacións obtidas en cada unha das avaliacións (1ª, 2ª e 3ª avaliación). A **nota media das tres avaliacións deberá ser igual ou superior a 5 para acadar o aprobado da materia en xuño**. Tendo en conta que a avaliación será continua,

na avaliación ordinaria van ser apreciados a evolución e o esforzo amosado polo alumno/a ó longo do curso, a súa actitude positiva e o interese pola materia.

8.- GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA

En base os obxectivos, competencia clave e criterios de avaliación, relaciónanse os mínimos requeridos para a superación da materia, facendo, como indica a lexislación vixente, especial fincapé nas competencias do alumnado e no enfoque práctico da materia. Isto quedou reflexado nun cadro máis arriba. Por iso, como se sinalou nos procedementos e instrumentos de avaliación, cómpre que o alumnado traballe e comprenda a materia, polo que se lle esixe adicación persoal e capacidade de reflexión. A este respecto, programouse a materia cunha parte teórica e outra práctica.

9.- CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS QUE REQUIRE A MATERIA

A organización do proceso de ensino e aprendizaxe nos esixe adoptar unha serie de estratexias didácticas e metodolóxicas que orienten a nosa intervención educativa.

Hoxe en día, traballar de xeito competencial na aula supón un cambio metodolóxico moi importante; o docente pasa a ser un mero xestor de coñecemento do alumnado e o alumno/a adquire un maior grao de protagonismo no proceso de ensino aprendizaxe.

“Apóstase pola práctica dun método de traballo de tipo significativo-activo e construtivista , que combine as necesarias explicación teóricas do/a profesor/a coa participación dos/as alumnos/as na aula, tanto a nivel individual como colectivo”. Polo tanto o papel do/a profesor/a é de ponte en todos os casos, non só no descubrimento, senón tamén noutras estratexias metodolóxicas expositivas ou de indagación. O descubrimento non é a única alternativa á memorización, o descubrimento autónomo nalgúns problemas científicos é unha capacidade que non se da en todos os/as alumnos/as e non sempre conclúe en éxito. Unha ensinanza significativa tamén pode transmitir moitos coñecementos científicos que só son accesibles verbalmente.

O método seguido polo profesor/a axustarase a condicionantes tales como a natureza da área, as condicións socioculturais, a dispoñibilidade de recursos e as características dos alumnos/as. Despertaremos e manteremos a motivación cara a aprendizaxe no alumnado, o que implica un alumno/a activo e autónomo, consciente de ser o responsable da súa aprendizaxe. Teremos en conta a atención a diversidade e o respecto polos distintos ritmos e estilos de aprendizaxe mediante prácticas de traballo, tanto individual como cooperativo.

Posto que para potenciar a motivación do alumnado pola aprendizaxe se requiren metodoloxías activas e contextualizadas, nalgúns aspectos da área, optárase por estruturas de **aprendizaxe colaborativo/cooperativo**; pois o traballo en equipo (colaborativo e/ou cooperativo) achega, ademais do adestramento de habilidades sociais básicas e enriquecemento persoal desde a diversidade, unha ferramenta perfecta para discutir e afondar en contidos dese aspecto. Por outro lado, cada alumno parte dunhas potencialidades que definen as súas intelixencias predominantes, enriquecer as tarefas con actividades que se desenvolvan desde a teoría das intelixencias múltiples facilita que todos os alumnos poidan chegar a comprender os contidos que pretendemos adquirir para o desenvolvemento dos obxectivos de aprendizaxe.

En concreto, na área de Economía o alumnado deberá desenvolver coñecementos, destrezas e actitudes conducentes á reflexión e análise sobre os conceptos económicos, as súas vantaxes e as implicacións que en ocasións consideran. Para iso necesitamos certo grao de adestramento individual e traballo reflexivo de procedementos básicos da materia: a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, capacidade de análise e reflexión, a argumentación en público e a comunicación audiovisual.

Na área de Economía é indispensable a vinculación a contextos reais, así como xerar posibilidades de aplicación dos contidos adquiridos. Para iso, as tarefas competenciais facilitan este aspecto, que se podería complementar cunha **aprendizaxe baseada en proxectos (AbP)** e un **aprendizaxe-servizo (ApS)**.

Polo tanto, no desenvolvemento das tarefas empregáranse diversas estratexias metodolóxicas:

1. Traballo reflexivo individual no desenvolvemento dos exercicios, actividades e tarefas individuais:
2. Traballo en equipo cooperativo/colaborativo: facer grupos de alumnos e utilizar estruturas da aprendizaxe cooperativa/colaborativa para traballar os principios de definición de obxectivo grupal, interdependencia positiva e interacción cara a cara.
3. Xogos dinámicos de simulación, cos que se pretende demostrar a relevancia que ten a información contida nos libros de texto nas experiencias da vida real e tamén favorecer a toma de conciencia dos participantes e a resolución de problemas ou dilemas actuais.
4. Traballo por proxectos.
5. Posta en común en gran grupo, despois do traballo individual ou en grupo.
6. Círculos de aprendizaxe.
7. Exposición do profesor ou da profesora.

10.- MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

Para levar adiante o proceso de ensinanza e aprendizaxe precisaremos apoiarnos nuns recursos que, na maioría das veces, se basean en soportes escritos ou visuais.

Así, suxerimos o uso dos recursos e materiais seguintes:

- **O libro de texto** do alumnado para a área de Economía 4º ESO Ed. Santillana. Serie Analiza. Proyecto Saber hacer. ISBN:. 978-84-680-2835-4
- **Materiais complementarios e bancos de recursos didácticos** .
- Os **recursos fotocopiables**: actividades de reforzo, de ampliación e de avaliación elaborados e deseñados polo profesorado do departamento do CPI de Cova Terreña. Adaptadas aos distintos niveis e aos diferentes estilos e ritmos de aprendizaxe dos alumnos e alumnas, co obxecto de atender á diversidade na aula e personalizar os procesos de construción de aprendizaxes.
- **Material visual**: mapas, imaxes, liñas do tempo, presentacións (drive, power point, prezi, caples), infografías, posters dixitais,
- **Material audiovisual**: fragmentos de documentais e películas relacionados cos contidos:
- **Xogos de simulación dinámicos**: actividades que teñen en común o seu carácter lúdico e que permiten reproducir, de forma simplificada, situacións sociais complexas imposibles de crear ou manexar de forma experimental. Son xogos temáticos (carácter xeográfico, económico, histórico, ... etc.) nos que os alumnos/as (xogadores) interaccionan para resolver un problema. Con eles preténdese demostrar a relevancia que ten a información contida nos libros de texto nas experiencias da vida real.

11.- CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

11.1.1.- Criterios de cualificación nas avaliacións trimestrais (1ª, 2ª e 3ª avaliación):

A nota final dunha avaliación será o promedio ponderado de DÚAS cualificacións dos aspectos a avaliar, expresados tamén de forma numérica:

Media das **probos escritas** . PESO PONDERADO 50%. As dúas probas escritas cualificaranse de 0 a 5 puntos.

A media das probas escritas é o resultado da suma das puntuacións ponderadas correspondentes as dúas probas e de dividir o seu resultado entre o número de probas (2).

Na terceira avaliación o exame poderá ser substituído pola presentación dun traballo en clase segundo o criterio da profesora.

O Traballo trimestral individual e grupal, o traballo diario (caderno de clase, actividades de reforzo e ampliación, prácticas, búsqueda de información) e a participación activa na aula e no desenvolvemento das aulas será dun (50%) .

O **traballo diario** (caderno de clase: contidos, anotacións, ..., actividades de reforzo e

ampliación; preguntas de clase; buscas de información, ...etc) entrará tamén dentro deste. **Participación na clase, o esforzo e o interese pola materia** (asistencia, puntualidade, cooperación cos compañeiros/as, esforzo diario, implicación e participación, tanto na aula como nas saídas didácticas, etc.) A cualificación neste apartado, ademais de basearse nas cualificacións positivas e negativas recollidas polo/a profesor/a no seu Diario de clase; quedará a criterio do profesor en base a súa observación diaria do traballo dos alumnos/as.

Consideracións a ter en conta para as cualificacións trimestrais :

Para obter unha cualificación de aprobado, é necesario que:

- O resultado da suma das puntuacións ponderadas correspondentes a dúas probas escritas (50%) e o traballo diario e trimestrais (50%), e participación debe ser de igual ou superior a 5 puntos.

- O alumno/a presente os traballos trimestrais obrigatorios e o caderno de traballo no prazo estipulado. De igual modo é necesario realizar todas as probas específicas de contidos e procedementos. Neste sentido, no caso de que un alumno/a non presente en prazo os traballos, o caderno, ou non se presente a algunha proba específica de contidos e procedementos, deberá xustificar legalmente esta ausencia (tal e como se establece nas normas do centro). De non ser así, constará como non presentado e o alumno non poderá obter a cualificación de aprobado. Independentemente da media no resto das cualificacións, acadará como máximo unha cualificación de 4 puntos.

❖ Se a nota media é superior a 5 puntos, o redondeo a alza ou a baixa das notas decimais da media da avaliación, quedará a criterio do profesor. Este terá en conta a participación na clase, a cooperación con compañeiros, o esforzo diario, a implicación e o interese, tanto na aula como nas saídas didácticas, etc.

❖ Aqueles alumnos/as que sexan intervidos copiando nun exame non poderán obter unha cualificación de aprobado. Independentemente da media no resto das cualificacións, acadará como máximo unha cualificación de 4 puntos.

11.1.2.-Criterios de cualificación na avaliación ordinaria (xuño):

... Como norma xeral, a cualificación final de xuño será unha media das cualificacións obtidas en cada unha das avaliacións (1ª, 2ª e 3ª avaliación). A nota media das tres avaliacións deberá ser igual ou superior a 5 para acadar o aprobado da materia en xuño. Tendo en conta que a avaliación será continua, nesta cualificación final van ser apreciados a evolución e o esforzo amosado polo alumno/a ó longo do curso, a súa actitude positiva e o claro interese pola materia.

... Para obter o aprobado na avaliación ordinaria, os alumnos non poderán ter unha nota inferior a 4 puntos en ningunha das avaliacións trimestrais. Neste caso, independentemente de que a media das avaliacións trimestrais sexa superior a 5 puntos, o alumno/a acadará como máximo unha cualificación de 4 puntos na avaliación ordinaria.

Os alumnos que non obteñan o aprobado poderán presentarse a unha proba de recuperación, previa a avaliación ordinaria,. Realizarase seguindo os seguintes criterios:

Se o alumno/a ten unha avaliación suspensa, poderá realizar un exame de recuperación de dita avaliación. A nota obtida será utilizada para realizar a media co resto das avaliacións, sempre e cando sexa superior a propia nota da avaliación a recuperar (con decimais). Deberá tamén ser superior a 4 puntos, condición necesaria para obter o aprobado na avaliación ordinaria (tal e como se especifica no apartado b dos criterios de cualificación da avaliación ordinaria).

No caso de ter máis de unha avaliación suspensa o alumno/a poderá presentarse a un exame global de recuperación, no que será avaliado dos contidos do curso. Deberá obter unha cualificación mínima de 5 puntos nesta proba para obter o aprobado na avaliación ordinaria. Neste caso, independentemente da nota obtida nesta proba, a nota máxima que poderá obter na avaliación ordinaria será de 5 puntos.

No caso dos alumnos/as que teñan tan só unha avaliación suspensa cunha puntuación de 4 puntos, non terán que presentarse a recuperación, sempre e cando a media das tres avaliacións sexa de 5 puntos o superior. No caso de que a media das avaliacións sexa menor de 5 puntos, terán que recuperar a nota da avaliación suspensa para obter a media esixida para o aprobado.

A.

12. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E APRENDIZAXE E A PRÁCTICA DOCENTE

Un dos aspectos que non podemos esquecer é a autoavaliación da nosa práctica docente e da propia programación didáctica. Polo tanto, é necesario ter en conta unha serie de indicadores de logro que nos servirán para comprobar o funcionamento da propia programación e valorar a nosa práctica docente.

Así para analizar o proceso de ensino e aprendizaxe e a nosa práctica docente é salientable a realización de cuestionarios de autoavaliación do proceso de ensinanza e aprendizaxe e dunha enquisa, na que o alumnado poderá e deberá avaliar o traballo do profesorado.

- **Cuestionario de autoavaliación do proceso de ensino e aprendizaxe**
- **Enquisa do alumnado**

O paso seguinte sería representalos graficamente, interpretalos e debatelos nas reunións do departamento, tendo en conta as debilidades e fortalezas, e tratar de establecer propostas de mellora concretas.

Utilizaranse os documentos da Programación Didáctica do Departamento de Xeografía e Historia.

13. ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMIENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES

Non ha lugar, o ser unha materia de 4º da ESO.

14.- DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS E COLECTIVAS QUE SE POIDAN ADOPTAR COMO CONSECUENCIA DOS SEUS RESULTADOS

Ao principio deste curso (setembro-outubro) se realizará unha proba escrita para ver o grado de coñecementos e o nivel de comprensión acadado polo alumno na súa etapa anterior. Esta avaliación inicial permitirá adecuar o proceso de ensino-aprendizaxe á realidade da aula.

A avaliación inicial facilítanos non só coñecemento acerca do grupo como conxunto, senón que tamén nos proporciona información acerca de diversos aspectos individuais dos nosos alumnos; a partir dela poderemos:

- Identificar os alumnos ou as alumnas que necesitan un maior seguimento ou personalización de estratexias no seu proceso de aprendizaxe. (Débese ter en conta aquel alumnado con necesidades educativas, con altas capacidades e con necesidades non diagnosticadas, pero que requiran atención específica por estar en risco, pola súa historia familiar, etc.).

- Saber as medidas organizativas a adoptar. (Planificación de reforzos, situación de espazos, xestión de tempos no grupo para favorecer a intervención individual).

- Establecer conclusións sobre as medidas curriculares a adoptar, así como sobre os recursos que se van empregar.
- Analizar o modelo de seguimento que se vai utilizar con cada un deles.
- Acoutar o intervalo de tempo e o modo en que se van avaliar os progresos destes alumnos/as.
- Fixar o modo en que se vai compartir a información sobre cada alumno ou alumna co resto de docentes que interveñen no seu itinerario de aprendizaxe; especialmente, co titor(a).

15.- MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Unha vez levada a cabo a avaliación inicial e detectado o nivel do alumno/a e as súas dificultades de aprendizaxe, iranse adoptando unha serie de medidas de atención á diversidade que permitirán a todos os alumnos progresar na adquisición das capacidades desta etapa educativa.

Aplicarase o protocolo especial ao alumnado diagnosticado con TDAH e TEA, como a adaptación de exames, exercicios e explicacións ou a súa situación na aula.

Como medidas de atención á diversidade destacaremos as seguintes:

- As adaptacións curriculares: deseñaranse tendo en conta os criterios e obxectivos da etapa, e adaptados ás necesidades do alumno.
- Tarefas de reforzo educativo cando algún alumno/a precise afondar na adquisición dunha estratexia de aprendizaxe, concepto ou procedemento, a través dunha introdución máis básica, unha secuenciación de traballo máis lenta ou un reforzo de exercicios.
- Tarefas de ampliación para alumnos/as que admitan máis “input” del tipo que sea, a través dunha selección de lecturas e de ampliación de actividades.

16.- CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS QUE SE TRABALLARÁN NA ÁREA

O carácter global e integrador do currículo da ESO implica que, en tódalas áreas, estean presentes unha serie de temas de tratamento xeral ó longo do correspondente desenvolvemento curricular. Como se

porá de manifesto ao longo do curso, abordar a Economía presenta numerosas oportunidades para dar un enfoque transversal ao desenvolvemento das distintas unidades didácticas.

Os temas transversais a traballar son basicamente os seguintes: Comprensión lectora e expresión oral e escrita, as tecnoloxías de información e a comunicación, o emprendemento, a educación cívica e institucional, competencia matemática e competencia básica en ciencia e tecnoloxía. En relación cos temas transversais, esta área indicou a súa relación cos contidos no cadro de vinculacións anterior.

Todos eles son elementos e contidos que responden a unha demanda da sociedade, polo que estarán presentes ao longo do curso fundamentalmente no sentido actitudinal e de valores. Serán traballados conxuntamente cos temas que, polas súas características, sexan máis acordes.

17.- ACCIÓN DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN LECTOR

Co obxectivo de acadar unha boa competencia lectora, realizaranse actividades enfocadas a acadar e mellorar a lectura comprensiva, lecturas que se farán de xeito individualizado por todos os alumnos, ben en alto e por quenda de palabra, ben en silencio.

É de salientar que, seguindo as directrices da Administración, contamos coa “Hora de ler.”, que aínda que non supón a obriga de ler materiais propios da materia coa que coincide no período lectivo, serve alomenos para a práctica da lectura.

Nestas sesións proporase ao alumnado a lectura comprensiva de artigos xornalísticos sobre Economía que lles permitirán coñecer ou ampliar o seu coñecemento das sociedades actuais: **“Ler para coñecer o mundo: aprender lendo o xornal”**.

A partir da lectura dun artigos de prensa, o alumno/a realizará na aula unha serie de tarefas que teñen como obxectivo: ubicar o artigo, analizar e interpretar o texto e os elementos gráficos que o apoian, comprender o artigo, relacionar o artigo con outros elementos ou realidades, valorar o artigo (reflexión e opinión) e ir máis alá do artigo (investigar e crear).

Pódense engadir capítulos ou fragmentos significativos de artigos ou obras clásicas da economía (Adam Smith, David Ricardo, Karl Marx, A. Sen...).

18.- ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES PROGRAMADAS POLO DEPARTAMENTO

Dende o departamento de Xeografía e Historia, a área de economía, propón para o presente curso para os alumnos de Economía de 4º da ESO, xunto cos de Iniciativas Emprendedoras as seguintes visitas:

- Centro de Formación profesional en Vigo

-Visita a unha PYME (Marine Instruments, no Porto do Molle, aínda sen confirmar)

-Saída para colaborar cunha entidade humanitaria como o Banco de Alimentos.

Participamos ademais no programa **Cívico-tributario do Ministerio** e no **Programa Finanzas para Mortais**.

Ademais implicarase no deseño e preparación de actividades complementarias e extraescolares nas que xunto coa compoñente didáctica, coexista a compoñente de motivación, integración, interrelación e mellora da convivencia entre os alumnos.

19.- MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA

Neste apartado pretendemos promover a reflexión docente e a autoavaliación da realización e o desenvolvemento da programación didáctica. Para iso, ao finalizar cada unidade didáctica propónse unhassecuencia de preguntas que permitan ao docente avaliar o funcionamento do programado na aula e establecer estratexias de mellora para a propia unidade.

Cada trimestre o departamento analizará as estatísticas que, sobre os resultados elabora xefatura de estudos. Prestará especial atención aos grupos coas cifras menos satisfactorias e procederá a indagar sobre as posibles razóns; para isto se elaborarán cuestionarios, para ser cumprimentados polos alumnos, en torno aos materiais, distribución temporal, destrezas traballadas, metodoloxía e outros aspectos da programación.

De igual modo, propoñemos o uso dunha ferramenta para a avaliación da programación didáctica no seu conxunto; esta pódese realizar ao final de cada trimestre, para así poder recoller as melloras no seguinte.

En Baiona, 22 de febreiro 2023

Asdo.: María Lurdes Pérez Camiña